



## CAMPO DE VOLUNTARIADO “CASTRO E ROMERÍA DE SAN LOURENZO” (A POBRA DO BROLLÓN-LUGO)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
02-13/08/2020	18-30	Autonómico	Arqueoloxía, medioambiental e festival	12

### LOCALIZACIÓN

O Castro d'Alende ou San Lourenzo é un sitio arqueolóxico que se atopa na parroquia de San Pedro de Cereixa (A Pobra do Brollón, Lugo) sobre a marxe dereita do río Saa na pequena dorsal que serve de transición entre a penichaira da Chá de Castro e o val fluvial.



O castro é un poboado fortificado ergueito tras a conquista romana para albergar os traballadores nas explotacións auríferas da bisbarra, entre os séculos I-II da nosa era. Probablemente estivo vencellado tamén á metalurxia do ferro, polo que se trataría dun poboado especializado dentro da rede de castros que controlaban a minería nas bacías sedimentarias dos ríos Lor, Saa e Cabe.

En época medieval, a poboación labrega de Cereixa construíu unha ermida na honra de San Lourenzo, que foi rehabilitada en 1876 para caer despois no abandono.

### DESCRIPCIÓN DO CAMPO

Trátase dun campo no que as persoas participantes se involucran cunha pequena comunidade rural para axudar na posta en valor do seu castro, así como na organización da Romería de San Lourenzo que se realiza no propio xacemento.

Os traballos arqueolóxicos estarán centrados este ano na excavación da necrópole medieval, polo que os participantes poderán coñecer de primeira man o proceso de excavación e rexistro de enterramentos, tarefa moi minuciosa e interesante e que permite acadar unha formación de campo en pouco tempo.



As tarefas arqueolóxicas estarán sempre supervisadas polo equipo técnico, cunha visión didáctica e tratando que todos os participantes pasen por todos os procesos que


implica o rexistro arqueolóxico..

Como parte do proxecto, recuperouse a romaría que se realizaba no lugar en honra a San Lourenzo o 10 de agosto e que caera no esquecemento. No presente 2020 non se realizará a romaría como tal, que formaba parte das tarefas do campo de traballo pero si se realizarán actividades comunitarias cunha visión lúdica e festiva.

A música tradicional é moi importante no Concello da Pobra do Brollón, polo que de xeito transversal ao campo haberá actividades que teñen que ver coa música e danza tradicionais.

Os maiores atractivos do campo son:

- Unha actividade arqueolóxica moi interesante
- A experiencia do equipo arqueolóxico na formación de voluntariado
- As actividades comunitarias e música tradicional
- A Ribeira Sacra



### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Visitas guiadas a outros lugares arqueolóxicos da zona como Vilachá ou Repil, extensións do propio proxecto de San Lourenzo.
- Obradoiro de Arqueoloxía: visita ao laboratorio de arqueoloxía instalado no local social da Asociación de Veciños de Cereixa
- Visitas a lugares de interese da contorna como a Cova das Choias, Ecomuseo de Arxeriz ou Monforte



## CAMPO DE VOLUNTARIADO “CASTRO E ROMERÍA DE SAN LORENZO” (A POBRA DO BROLLÓN-LUGO)

- Actividades lúdico-deportivas como kaiaks na Ribeira Sacra
- Proxección do documental realizado sobre o proxecto arqueolóxico

### COMO CHEGAR

Monforte de Lemos conta cunha estación de tren das mais importantes de Galicia, polo que achegarse a Monforte dende calquera punto de Galicia é bastante sinxelo.

Ademais, por estrada, a compañía [www.monbus.es](http://www.monbus.es) conecta Monforte con case todo o territorio galego.

### ALOXAMENTO

O aloxamento terá lugar no pavillón municipal adecuado para tal fin.

Enderezo: Av. de Outeiro, 37, 27331 A Pobra de Brollón, Lugo

### INCORPORACIÓN

O primeiro día a partir das 16.00 h no lugar onde será o aloxamento. No caso de desprazarte en servizo público, o punto de quedada é na estación de autobuses de Monforte de Lemos. Neste caso, é imprescindible contactar a través de correo-e para comunicar a hora de chegada: [xose.gago.gb@gmail.com](mailto:xose.gago.gb@gmail.com)



### COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

### DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos pertinentes informes médicos e/ou do

hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

### EQUIPO ACONSELLABLE

Sombreiro, roupa de monte, botas, chuvasqueiro, protección solar.

### DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.



### SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

### CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tel. 981 957 115.

[camposdetraballo.xuventude@xunta.gal](mailto:camposdetraballo.xuventude@xunta.gal)

Servizo de Xuventude en Lugo. Tfno.: 982 294 599

Concello da Pobra do Brollón: [adl@pobradobrollon.es](mailto:adl@pobradobrollon.es)

[xose.gago.gb@gmail.com](mailto:xose.gago.gb@gmail.com)

### INFORMACIÓN ADICIONAL

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net). Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.